

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A REDACCION DE PROXECTOS OU EXECUCION DE OBRAS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACION DE ESPAZOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DA REDE AGORA.

Introdución

As novas realidades territoriais e sociais modificaron notablemente a mobilidade nas últimas décadas. Os cambios socioeconómicos ocorridos afectaron substancialmente o transporte urbano, e a mobilidade caracterizouse por patróns máis difusos, con distancias de viaxes máis longas e un continuo crecemento do nivel de motorización.

Nos últimos tempos o concepto de mobilidade adoptou unha visión moito máis complexa, multimodal e multidimensional, na cal se superou en certo sentido o concepto de transporte obrigado por motivos laborais de persoas viaxeiras e de mercadorías baseado no automóbil, para dar paso a unha visión ligada ao dereito da cidadanía a acceder ás actividades desenvolvidas sobre o territorio tanto laborais coma de ocio. Esta visión atópase en gran medida unida á inclusión social a través do dereito á mobilidade e ao libre acceso a calquera lugar do territorio.

A Deputación de Pontevedra destaca como unha das administracións referentes a nivel estatal no tocante á recuperación do espazo público para as persoas nas súas actuacións na rede viaria provincial. Iniciativas coma o “Decálogo de actuacións nas estradas provinciais”, que prioriza as necesidades dos sectores máis vulnerables, no que a xerarquía que se debe seguir é 1.º a peoa ou o peón, 2.º a ou o ciclista, 3.º o transporte público e 4.º o vehículo privado; o Plan Móvese, para o calmado de tráfico nas estradas provinciais; a promoción da redacción da *Guía de espazos públicos e mobilidade amable*, que ten por finalidade establecer uns criterios para as actuacións que favorezan a convivencia de persoas e vehículos de forma harmónica, entre outras, conforman as liñas de traballo previo que, a través da Rede Ágora, iniciativa publicada no BOPPO número 123, de 30 de xuño de 2020, se queren trasladar ao ámbito municipal.

Coa “Creación da Rede de concellos Ágora polo espazo público e aprobación do seu protocolo de actuación” establécense os principios Ágora e as obrigas ás que se comprometen tanto a Deputación de Pontevedra coma os concellos que se adhiran á rede.

Un dos compromisos que adquire a Deputación de Pontevedra é o de impulsar iniciativas, liñas de subvencións e programas de axudas dirixidas aos concellos adheridos de menos de 50.000 habitantes para proxectos de recuperación do espazo público e de fomento de mobilidades alternativas. Para cumprir este compromiso a Deputación de Pontevedra, desde a Área de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos, convoca esta liña de subvencións na que se engloban dous eixes diferenciados: promover a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal e realizar obras neste eido nos concellos de menos de 50.000 habitantes adheridos á rede.

En relación co exposto, confeccionáronse as seguintes bases reguladoras.

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación de subvencións para a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos e para a execución de obras con estes fins no ámbito municipal dos concellos adheridos á Rede Ágora. As características dos proxectos e das obras subvencionables serán as sinaladas nestas bases e nos seus anexos e deberán realizarse sobre rúas ou vías de titularidade municipal ou que estean cedidas ao concello por tempo indefinido.

A finalidade desta convocatoria é impulsar a realización de proxectos e obras de mobilidade amable e recuperar espazos públicos no ámbito municipal para devolverlles os espazos públicos ás persoas e permitir a implantación de formas de desprazamento máis sostibles (a pé, en bicicleta etc.). Preténdese axudar os concellos a crear espazos públicos de calidade para as persoas, que, ao mesmo tempo, favorezan o crecemento económico, a cohesión social e a defensa do medio coa finalidade de garantir unha mellor calidade de vida para a cidadanía.

Establécense dous eixes subvencionables. Cada concello adherido á Rede Ágora só poderá solicitar unha subvención para unha única actuación e para un dos seguintes eixes subvencionables:

- Eixe 1: redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos
- Eixe 2: execución de obras para mobilidade amable e recuperación de espazos públicos

Segunda. Beneficiarios

Poderán participar os concellos da provincia de Pontevedra que estean adheridos á Rede Ágora na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e que teñan un censo de poboación inferior aos 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida aos últimos datos publicados.

Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que conorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

Terceira. Financiamento e contía das subvencións

Eixe 1. Redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos:

O concello poderá obter unha subvención máxima de 50.000 euros para a redacción do proxecto. O importe total do financiamento será de ata un máximo do 90 % do valor de redacción. Serán custos imputables á redacción os custos preparatorios, coma os asociados a un concurso de ideas, os estudos xeotécnicos, topográficos, de tráfico, así como todos aqueles que sexan necesarios para a correcta definición do proxecto. O concello poderá contratar este tipo de traballos de forma independente ou conxuntamente coa redacción do proxecto, e deberá, en todo caso, especificarse na factura o título do proxecto para o cal se realiza o estudo.

Eixe 2. Execución de obras para mobilidade amable e recuperación de espazos públicos.

O Concello poderá obter unha subvención máxima do 20 % do orzamento base de licitación das obras, ata un importe máximo de 100.000 €.

A liña de subvención relativa aos proxectos e obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal, que será sufragada na súa totalidade pola Deputación de Pontevedra, estará dotada de 2.435.000,00 €. A redacción de proxectos (eixe 1) contará con 1.250.000,00 €, con cargo á aplicación 21/456.9420.762.10.2020, e a execución de obras que favorezan a mobilidade amable e recuperación de espazos públicos (eixe 2) contará con 1.185.000,00 €, con cargo á aplicación 21/456.9420.762.11.2020.

No eixe 2 as baixas de adjudicación só se poderán empregar para financiar modificacións ou excesos de medición acontecidos durante a execución das obras.

No caso de que non se esgote o crédito dispoñible para algún dos dous eixes, o importe sobrante poderá empregarse para subvencionar o outro eixe.

Cuarta. Requisitos

Para optar á subvención o proxecto que se redacte ou a obra que se execute cumprirá os seguintes requisitos:

- O incremento mínimo do espazo peonil no ámbito de actuación debe ser dun 50 % con respecto ao existente na actualidade
- Os espazos gañados para as e os peóns terán unha superficie mínima de 300 metros cadrados.

Considerarase que existe incremento de espazo peonil ou que se gaña espazo para as e os peóns nun recinto cando, como consecuencia da actuación proposta, se derive un cambio de uso nese recinto e pase de ser un espazo usado por vehículos a motor a ser un espazo peonil. Para os efectos de cumprimento destes requisitos entenderase como espazo peonil todo aquel no que, coas actuacións que se propoñan no proxecto, no caso do eixe 1, ou tras as obras executadas, no caso do eixe 2, quede permitida unicamente a súa utilización por medios de mobilidade activa, ou, excepcionalmente, para o tráfico rodado de residentes, servizos e vehículos de emerxencia.

O Concello deberá ser, en todo caso, titular das vías e dos terreos nos que se realizarán os proxectos do eixe 1 ou daqueles nos que se van realizar as obras do eixe 2, ben porque sexa propietario ou ben porque dispoña dun dereito de uso ou cesión por tempo indefinido sobre estes. O incumprimento deste requisito será motivo de inadmisión.

Así mesmo, deberá cumprirse o que se indica a continuación para cada un dos eixes:

Eixe 1. Redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos

Os proxectos que se redacten deberán referirse a obras completas; é dicir, as susceptibles de ser destinadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra. Os proxectos redactaranse cumprindo os principios da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público, así como os criterios establecidos na *Guía básica de*

espazos públicos e mobilidade amable, editada pola Deputación de Pontevedra. Os proxectos cumprirán a normativa vixente e axustaranse a estas bases e aos seus anexos.

A data das facturas xustificativas de redacción do proxecto non poderán ser anteriores ao 2020.

Eixe 2. Execución de obras para mobilidade amable e recuperación de espazos públicos

Para optar a este eixe os documentos técnicos, memorias valoradas ou proxectos construtivos das obras que se pretenden levar a cabo deberán ser redactados e aprobados polo órgano competente do Concello. Non obstante, no caso daqueles proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas que non puidesen ser aprobados no momento de presentar a solicitude de subvención por estar supeditados ao outorgamento dalgunha autorización sectorial por parte da Administración, entidade ou organismo que corresponda, permítese que a aprobación formal se adie ata que a entidade municipal dispoña desta. Nestes supostos a concesión da subvención quedará condicionada a que se achegue o acordo ou a resolución de aprobación do proxecto e a correspondente autorización sectorial xunto coa primeira xustificación. Deberán referirse a obras completas; é dicir, as susceptibles de ser destinadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

En todo caso, para ser admitidos nesta convocatoria os proxectos deberán ter un orzamento base de licitación mínimo de 100.000 euros

Todos os proxectos, que deberán cumprir a normativa vixente sobre seguridade viaria, conterán a documentación establecida na normativa de contratos e a sectorial de obrigado cumprimento.

Todas as partidas dos orzamentos deberán ser subvencionables; non se admitirán partidas de natureza administrativa como homologacións, licenzas, legalizacións etc.

Se os proxectos, pola súa situación ou características, precisan de permisos ou autorizacións doutros organismos, será o Concello quen os solicite. O Concello deberá acreditar que conta

con eles ou que xa os solicitou, e acompañará os correspondentes documentos. Neste último caso, a subvención concederáse condicionada a que o Concello xustifique a súa obtención.

No caso de que algún proxecto de obra sobre as vías ou terreos de titularidade municipal afectase dalgún modo unha estrada provincial e, polo tanto, precisase de autorización desta Deputación, o Concello deberá solicitar a correspondente autorización a través do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, antes da solicitude da subvención.

As obras non poderán comezar antes da publicación da resolución de concesión.

Quinta. Criterios de concesión

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia competitiva nun único proceso e as solicitudes valoraranse de acordo cos criterios que se describen a continuación.

Eixe 1. Redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos

Valoraranse as candidaturas por orde decrecente de puntuación e asignaráselles o máximo financiamento posible (50.000 euros) aos concellos con maior puntuación ata esgotar o crédito que se pon a disposición para este eixe.

Quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumpran as bases da convocatoria.

Sobre un total de 100 puntos, os criterios de selección serán os seguintes:

- Criterios obxectivos do eixe 1 (ata 65 puntos):
 - o Disponibilidade dun plan de mobilidade sostible aprobado polo órgano municipal competente: 5 puntos
 - o Metros cadrados de espazo peonil previstos: entre 0 e 20 puntos; unha puntuación de 0 puntos corresponderáse co incremento mínimo establecido nas bases (300 metros cadrados) e 20 puntos se o incremento de espazo peonil é igual ou superior a 1.000 metros cadrados. Os valores intermedios avalíaranse de forma liñalmente proporcional redondeando a tres cifras decimais.

- Porcentaxe de incremento do espazo peonil previsto: entre 0 e 20 puntos; será de 0 puntos se o incremento é o mínimo establecido nas bases (50 %) e de 20 puntos se o incremento é do 100 % ou superior. Os incrementos intermedios avaliaranse de forma liñalmente proporcional redondeando a tres cifras decimais.
 - Poboación segundo os datos publicados máis recentemente polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na data de publicación destas bases no BOPPO: entre 0 e 10 puntos; corresponderanlle 0 puntos ao concello con maior número de habitantes e 10 puntos ao concello con menos habitantes de todos aqueles que presenten a súa solicitude para o eixe 1 da subvención. Ao resto de concellos outorgaráselle unha puntuación liñalmente proporcional redondeando a tres cifras decimais.
 - Densidade de poboación segundo os datos publicados máis recentemente polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na data de publicación destas bases no BOPPO: entre 0 e 10 puntos; corresponderanlle 0 puntos ao concello con menor densidade de poboación e 10 puntos ao concello con maior densidade de todos aqueles que presenten a súa solicitude para o eixe 1 da subvención. Ao resto de concellos outorgaráselle unha puntuación liñalmente proporcional redondeando a tres cifras decimais.
- Criterios subxectivos do eixe 1 (ata 35 puntos):
- Existencia de medidas que amporen o proxecto que se pretende redactar no plan de mobilidade do Concello e adecuación destas aos obxectivos do proxecto que se vai redactar: ata un máximo de 15 puntos. No caso de non contar cun plan de mobilidade, a puntuación deste aspecto será de 0 puntos.
 - Xustificación do proxecto que se pretende redactar segundo os principios da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público: ata un máximo de 20 puntos. Valorarase a xustificación da potencial contribución da actuación que se pretende proxectar á recuperación dun espazo público que sirva de escenario natural da vida colectiva, o potencial cumprimento do cambio de prioridades de mobilidade que promulga a Rede Ágora, o compromiso de garantir a accesibilidade universal no espazo no que se vai actuar, a potencialidade que ten a actuación para xerar un espazo no que devolverlles ás nenas e nenos a súa autonomía infantil a través da creación dun espazo público seguro, a promoción da mobilidade natural e activa, que se conseguiría coa actuación, fronte á motorizada, a posible contribución ao

potenciamento das prácticas e usos saudables entre a cidadanía derivados da actuación, a potenciación da actividade económica de proximidade que se espera grazas á presenza de centros de atracción de actividade nas inmediacións ou á potencial capacidade de atracción de persoas derivada da actuación etc.

Este aspecto será valorado por un comité de persoas expertas.

No caso de producirse un empate concederáselle a subvención ao concello con maior puntuación nos criterios subxectivos. No caso de que seguindo este criterio o empate persista atenderase á maior puntuación en cada un dos aspectos subxectivos segundo a orde na que aparecen máis arriba, de xeito que se lle concederá a subvención ao Concello con maior puntuación no primeiro dos criterios. No caso de que o empate persista, pasarase ao segundo criterio. Se seguise manténdose o empate, terase en conta a maior puntuación de cada un dos aspectos obxectivos segundo a orde na que aparecen máis arriba.

Eixe 2. Execución de obras para mobilidade amable e recuperación de espazos públicos

Valoraranse as candidaturas por orde decrecente de puntuación e concederáselles a subvención aos proxectos con maior puntuación ata esgotar o crédito disposto para este eixe. O importe da subvención concedida a cada Concello será do 20 % do orzamento base de licitación do proxecto (incluído o IVE), ata un máximo de 100.000 €.

Neste eixe 2 excluíranse aquelas solicitudes que incumpran as bases da convocatoria ou non acaden o 50 % da puntuación total.

Sobre un total de 100 puntos os criterios de selección serán os seguintes:

- Criterios obxectivos do eixe 2 (ata 65 puntos):
 - o Metros cadrados de espazo gañado para as e os peóns proxectados: entre 0 e 20 puntos; corresponderalle unha puntuación de 0 puntos ao incremento mínimo establecido nas bases (300 metros cadrados) e 20 puntos ao incremento de espazo peonil igual ou superior a 1.000 metros cadrados. Os valores intermedios avalíaranse de forma liñalmente proporcional redondeando a tres cifras decimais.

- Porcentaxe de incremento do espazo peonil proxectado: entre 0 e 20 puntos; será de 0 puntos se o incremento é o mínimo establecido nas bases (50 %) e de 20 puntos se o incremento é do 100% ou superior. Os incrementos intermedios avaliaranse de forma liñalmente proporcional redondeando a tres cifras decimais.
 - Poboación segundo os datos publicados máis recentemente polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na data de publicación destas bases no BOPPO: entre 0 e 10 puntos; corresponderanlle 0 puntos ao concello con maior número de habitantes e 10 puntos ao concello con menos habitantes de todos aqueles que presenten a súa solicitude para o eixe 2 da subvención. Ao resto de concellos outorgaráselle unha puntuación liñalmente proporcional redondeando a tres cifras decimais.
 - Densidade de poboación segundo os datos publicados máis recentemente polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na data de publicación destas bases no BOPPO: entre 0 e 10 puntos; corresponderanlle 0 puntos ao concello con menor densidade de poboación e 10 puntos ao concello con maior densidade de todos aqueles que presenten a súa solicitude para o eixe 2 da subvención. Ao resto de concellos outorgaráselle unha puntuación liñalmente proporcional redondeando a tres cifras decimais.
 - Disponibilidade dun plan de mobilidade sostible aprobado polo órgano competente: 5 puntos
- Criterios subxectivos do eixe 2 (ata 35 puntos):
- Contribución da actuación á consecución dos principios da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público (valorarase a contribución da actuación á recuperación dun espazo público que sirva de escenario natural da vida colectiva, o cumprimento do cambio de prioridades que promulga a Rede Ágora e dos criterios de accesibilidade universal do proxecto, a creación dun espazo público seguro que lles devolva ás nenas e nenos a súa autonomía, a promoción da mobilidade natural e activa, que se conseguirá coa actuación, fronte á motorizada, a contribución ao potenciamento das prácticas e usos saudables entre a cidadanía, a potenciación da actividade económica de proximidade grazas á presenza de centros de atracción de actividade nas inmediacións ou á capacidade de atracción de persoas derivada da actuación etc.), o cumprimento dos criterios establecidos na *Guía básica de espazos públicos e*

mobilidade amable e nos seus anexos, e adecuación á normativa municipal no caso de existir: ata un máximo de 20 puntos.

- Adaptación do proxecto ao plan de mobilidade sostible do Concello: ata un máximo de 5 puntos. No caso de non contar con este plan, a puntuación deste aspecto será de 0 puntos.
- Calidade técnica do proxecto en todos os seus contidos necesarios: topográfico; xeotécnico, no caso de muros ou outros elementos de carga; calidade da descrición do estado actual; calidade das solucións propostas; calidade dos materiais; calidade das propostas construtivas; nivel de detalle das solucións etc.: ata un máximo de 10 puntos

Estes aspectos serán valorados por un comité de persoas expertas.

No caso de que se produza un empate, concederáselle a subvención ao Concello con maior puntuación no conxunto de criterios subxectivos. No caso de que seguindo este criterio o empate persista, atenderase á maior puntuación en cada un dos aspectos subxectivos segundo a orde na que aparecen máis arriba, de xeito que se lle concederá a subvención ao Concello con maior puntuación no primeiro dos criterios. No caso de persistir o empate, pasarase ao segundo criterio, e así sucesivamente. Se continuase o empate, terase en conta a maior puntuación de cada un dos aspectos obxectivos segundo a orde na que aparecen máis arriba.

O comité de persoas expertas encargado de avaliar os criterios subxectivos das solicitudes do eixe 1 e das do eixe 2 estará constituído por:

- Presidencia: o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- Vogais:
 - O director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
 - Unha técnica ou técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
 - A xefa do Servizo de Arquitectura
 - Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación
- Secretaría: unha ou un dos vogais exercerá de secretaria ou secretario do comité

Sexta. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Se a entidade presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda. En todo caso, se tal emenda se efectuase fóra do prazo de presentación de solicitudes, esta deberá limitarse á presentación electrónica do previamente presentado presencialmente, sen que poidan engadirse outros datos ou documentos ou rectificar os xa achegados.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNle).

O prazo para presentar as solicitudes será de trinta (30) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e o seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

No caso de que a entidade se opoña ás devanditas consultas deberá indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselle requirir á entidade a presentación dos documentos correspondentes.

Oitava. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar a seguinte documentación xunto coa solicitude:

1. Acordo de aprobación desta solicitude de subvención por parte do órgano municipal competente no que se faga constar que coñece e acepta as bases da convocatoria e asume o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención (anexo III)
2. Certificación do secretario na que conste (anexo IV)
 - A propiedade municipal das vías ou terreos nos que se van proxectar ou realizar as obras, ou o seu dereito de uso ou cesión por tempo indefinido.
 - Se o concello obtivo ou solicitou calquera outra axuda ou subvención para este fin.
 - Que o concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.
3. No caso de que existan outras axudas ou subvencións concorrentes para o investimento, achegarase o detalle de cada unha delas, e acreditarase que a suma total non supera o 100 % do importe.
4. O Plan de mobilidade sostible do Concello e o certificado de estar aprobado polo órgano competente, de ser o caso.
5. Ademais:
 - a. Para acceder ao eixe 1 deberá entregarse unha memoria explicativa, de extensión non superior a 5 páxinas en tamaño A4, que incluírá:
 - Título do proxecto, resumo e obxecto deste e ámbito de actuación.
 - Un plano ou bosquexo explicativo das liñas xerais das actuacións que se pretenden proxectar. Neste caso poderase substituír a páxina A4 por unha páxina A3.
 - Cuantificación da superficie peonil existente na actualidade e a superficie peonil que se prevé proxectar segundo as estimacións iniciais. O proxecto que se redacte finalmente deberá cingirse, como mínimo, ás especificacións contidas nesta memoria. Deberá indicarse de forma expresa o compromiso de que cos incrementos de superficie peonil indicados o proxecto que se vai redactar cumprirá os requisitos:
 - i. Incremento mínimo do espazo peonil no ámbito de actuación dun 50 % con respecto ao existente na actualidade

- ii. Espazos gañados para as e os peóns dunha superficie mínima de 300 metros cadrados.
 - No caso de contar cun plan de mobilidade sostible, indicacións que permitan encadrar no plan as actuacións que se van proxectar.
 - Xustificación do cumprimento dos principios da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público.
- b. Para acceder ao eixe 2 deberán entregarse:
 - a. Os documentos técnicos, a memoria valorada ou o proxecto construtivo que recollan as obras que se van realizar en formato dixital e o acordo do órgano competente do Concello no que se aprobe o citado proxecto. De ser posible, entregaranse os planos do proxecto en formato .dwg
 - b. Permisos ou autorizacións doutros organismos ou xustificantes de que se solicitaron, no seu caso
 - c. Memoria explicativa, de extensión non superior a 4 páxinas en tamaño A4, que incluirá:
 - Cuantificación de xeito claro da superficie peonil existente na actualidade e da superficie peonil que haberá unha vez executadas as obras segundo o proxecto construtivo; entenderase como superficie peonil todo aquel espazo no que quede permitida unicamente a súa utilización por medios de mobilidade activa ou, excepcionalmente, por tráfico rodado de residentes, servizos e vehículos de emerxencia. Ademais, deberá indicar de forma expresa que se cumpren os requisitos:
 - i. Incremento mínimo do espazo peonil no ámbito de actuación dun 50 % con respecto ao existente na actualidade.
 - ii. Espazos gañados para as e os peóns dunha superficie mínima de 300 metros cadrados.
 - Xustificación do cumprimento dos principios da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público, dos criterios establecidos na *Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable* e nos seus anexos, así como a adecuación á normativa municipal no caso de existir.
 - Incluiranse, ademais, no caso de contar cun Plan de mobilidade sostible, indicacións que permitan encadrar as obras proxectadas no plan.

Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, indicándolle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude.

Décima. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas practicaranse a través de Carpeta Ciudadana y de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Instrución e procedemento

A instrución do procedemento de concesión, que lle corresponde ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, comprenderá as seguintes actividades ou fases:

1. Unha vez presentadas as solicitudes realizarase o estudo e a súa comprobación por parte do servizo instrutor, solicitando as emendas que procedan no seu caso polo prazo de 10 días.
2. Petición de informes: o órgano instrutor solicitaralle un informe ao Comité de Persoas Expertas sobre os proxectos e as memorias explicativas presentadas e segundo os criterios de valoración subxectivos que se deberán ter en conta segundo estas bases.
3. O Comité de Persoas Expertas emitirá un informe no que figurará a valoración feita á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido e determinando a puntuación de cada candidatura en cada un dos criterios subxectivos.
4. Informe-proposta da Xefatura dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais, no que se relacionen as solicitudes por orde decrecente de puntuación e se indique a subvención máxima que lle corresponde a cada un dos beneficiarios, así como a proposta motivada de exclusión de solicitudes.
5. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.
6. Estudo do informe-proposta por parte da Comisión de Avaliación e formulación da proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento. Esta proposta elevarase ao órgano competente para a súa aprobación. A Comisión de Avaliación estará formada polos seguintes membros:
 - i. Presidencia: o deputado delegado da Área de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos

ii. Vogais

1. A xefa dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais
2. O xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal
3. Unha técnica ou técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
4. Unha técnica ou técnico do Servizo de Intervención

iii. Secretario: o da Deputación de Pontevedra ou persoa funcionaria de carreira do Grupo A1 en quen delegue.

A proposta de resolución non crea ningún dereito en prol do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución da concesión.

Décimo segunda. Resolución

1. Formulada a proposta de resolución definitiva pola Comisión de Avaliación, o órgano competente resolverá o procedemento.
2. A resolución deberá motivarse, e quedarán acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.
3. A resolución, ademais de conter a relación de solicitantes aos que se lles concede subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.
4. A resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses. O prazo computarase a partir do día seguinte ao do fin do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.
5. Unha vez publicada a resolución de concesión, entenderase que os concellos aceptan as subvencións cando transcorran dez (10) días contados desde o día seguinte ao da publicación, salvo que estes expresamente as rexeiten no prazo de dez (10) días e sen prexuízo da notificación.

6. A resolución pon fin á vía administrativa; fronte a ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Décimo terceira. Licitación

A licitación, adxudicación e dirección dos contratos, tanto para a redacción de proxectos coma para a execución de obras, correspóndelles aos concellos, respectando o contemplado nas propias bases e na vixente normativa sobre contratación pública.

Décimo cuarta. Execución dos investimentos

Eixe 1. Redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos:

Os proxectos redactados cumprirán o establecido nestas bases e nos seus anexos. As solucións que se propoñan deberán estar consensuadas entre a empresa redactora, as e os técnicos do Concello e demais axentes implicados; a Deputación limitarase a validar o cumprimento dos obxectivos, criterios e requisitos establecidos nestas bases e nos seus anexos.

Eixe 2. Execución de obras para mobilidade amable e recuperación de espazos públicos:

As obras executaranas os respectivos concellos segundo o correspondente proxecto técnico, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

A directora ou director das obras será nomeado pola entidade local contratante; unha vez producida a devandita designación daráselle conta á Deputación. Calquera cambio na dirección técnica comunicáraselle igualmente á institución provincial no momento no que teña lugar.

Durante a execución das obras o Concello comunicarlle á Deputación a data e mais a hora nos que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente, unha ou un facultativo técnico ou representante. A copia da acta que se redacte remitírselle á Deputación xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación.

O Concello comunicarlle á Deputación de Pontevedra a data e mais a hora nas que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia, unha ou un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitíralle á provincial unha copia da acta do devandito acto de recepción.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras e as actuacións realizadas cando o considere conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que lle corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ás e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

Se durante a execución da obra xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar, de acordo co establecido na normativa de contratos, o modificado do proxecto, que deberá aprobalo o órgano competente do Concello. Os gastos nos que incorra o concello para a redacción do modificado non serán subvencionados. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará o modificado e, de ser o caso, prestará a súa aprobación, co fin de verificar que se seguen cumprindo os criterios que permitiron a concesión da subvención.

No caso de que a modificación supoña un incremento do orzamento da obra, este incremento tamén poderá ser financiado con cargo ás baixas de adxudicación recollidas na base terceira. A subvención aplicarase ao importe total certificado da obra, incluídas as súas modificacións, cos límites establecidos na base reguladora terceira.

Décimo quinta. Xustificación e aboamento

Eixe 1. Redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos:

1. Os beneficiarios deberán redactar e presentar en formato electrónico no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra os proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal para os que se conceden as axudas nos dezoito (18) meses seguintes á publicación do acordo de concesión da subvención. Xunto co proxecto redactado deberá presentarse un certificado dunha técnica ou técnico municipal no que se acredite que o proxecto cumpre os requisitos de carácter técnico establecidos na base reguladora cuarta e que a superficie de espazo público gañada para as e os peóns é, como mínimo, a indicada na memoria presentada coa solicitude de subvención.

Se o Concello non presentou a documentación unha vez vencido o prazo, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais requiriralla para que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días naturais. Se non se presenta neste prazo, iniciárase o procedemento de perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

2. Unha vez recibido o proxecto na Deputación, as técnicas e técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais valorarán o cumprimento dos obxectivos, criterios e requisitos mínimos establecidos nestas bases e no prego de prescricións técnicas especificados no anexo I e comprobarán que a superficie de espazo público gañada para as e os peóns é, como mínimo, a indicada na memoria presentada coa solicitude de subvención. Segundo o anterior, emitirán un informe de validación que se lle remitirá ao Concello no prazo máximo de tres (3) meses. No caso de que o citado informe estableza que se deben emendar erros ou omisións no proxecto, deben cumprirse os seguintes prazos:
 - a) Se o proxecto foi entregado na Deputación e informado polas técnicas ou técnicos provinciais antes do prazo límite de entrega de dezoito (18) meses desde a publicación do acordo de concesión de subvención establecido no primeiro parágrafo desta mesma base reguladora, o prazo para emendar os erros rematará pasados dous (2) meses da finalización do prazo límite de entrega.
 - b) No caso de que o Concello reciba o informe de validación despois da data límite de entrega, o prazo será de dous (2) meses contados a partir da data na que o Concello reciba o informe de validación emitido polo persoal técnico da Deputación de Pontevedra.

Se transcorridos estes prazos o Concello non presentou o proxecto coas correccións, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais requiriralle que o presente no prazo improrrogable de quince (15) días naturais. A falta de presentación da documentación neste prazo, representará a iniciación do procedemento de perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

3. Cando o persoal técnico da Deputación emita un informe favorable, o Concello disporá de tres (3) meses desde a recepción deste para que o órgano competente aprobe o proxecto e remita a documentación que se especifica a continuación para xustificar a subvención. A falta de presentación da documentación neste prazo, representará a iniciación do procedemento de perda da subvención e demais responsabilidades previstas na LXS.

Para cobrar a subvención as entidades receptoras deberán presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "Instancia xenérica", dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), a seguinte documentación:

- a) Proxecto de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal.
- b) Certificación expedida polo Concello conforme o proxecto foi aprobado polo órgano competente.
- c) Xustificación dos gastos: certificación do Concello onde se fagan constar os gastos relacionados coa redacción do proxecto e as facturas orixinais ou fotocopias compulsadas, nos que o gasto se deberá corresponder coa actividade subvencionada. As facturas deberán conter os requisitos que lles dan validez, ser aprobadas polo órgano municipal competente e informadas polos servizos correspondentes da Deputación de Pontevedra
- d) Acreditación da difusión da colaboración da Deputación na actividade subvencionada
- e) A certificación da persoa funcionaria pública competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade
- f) Calquera outra documentación esixible contemplada na normativa vixente para a correcta xustificación dos investimentos ou que se considere necesaria.
- g) Subministrar a información e a documentación que, en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles requira a institución provincial e no prazo establecido para o efecto.

Eixe 2. Execución de obras para mobilidade amable e recuperación de espazos públicos

A obra deberá estar executada no prazo de dous (2) anos desde a publicación do acordo de concesión da subvención. O prazo para xustificar a subvención será de tres (3) meses desde a finalización da obra. O pago do importe da subvención ao Concello realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas aprobadas polo órgano municipal competente. O Concello poderá presentar certificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución do investimento.

As certificacións de obra, segundo o modelo normalizado da Deputación, acompañaranse da seguinte documentación:

A primeira certificación ou factura acompañarase de:

- O acordo ou resolución de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria valorada e a copia ou copias da autorización ou autorizacións sectoriais que correspondan cando a concesión da subvención quedou condicionada á aprobación do proxecto e á obtención de autorizacións sectoriais
- O acordo ou resolución de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria valorada e a copia ou copias da autorización ou autorizacións sectoriais que correspondan cando a concesión da subvención quedou condicionada á aprobación do proxecto e á obtención de autorizacións sectoriais
- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- O contrato
- O nomeamento da directora ou director técnico
- A acta de comprobación do replanteo
- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra ou da factura correspondente
- A acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra

As seguintes certificacións acompañaranse do acordo municipal de aprobación da certificación ou certificacións correspondentes.

Xunto coa última certificación achegará:

- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra
- A acta de recepción, cumprimentada de acordo co disposto na normativa de contratos
- Unha nova acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra
- A certificación da persoa funcionaria competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación dos investimentos ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución

As certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto e o resto da documentación xustificativa verificaranas os servizos técnicos provinciais. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial, e deberá quedar acreditado que se gañou o espazo peonil proxectado e polo que se obtivo a puntuación establecida na base quinta.

A comprobación material do investimento definida no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

Os beneficiarios deberán subministrar a información e a documentación que, en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles requira a institución provincial e no prazo establecido para o efecto.

Realizada a comprobación formal e material definida nos parágrafos anteriores, a documentación xustificativa acreditativa do gasto será fiscalizada pola Intervención provincial antes de ser aprobada e pagada.

A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención correspondente.

Décimo sexta. Compatibilidade

As subvencións que se concedan no marco das presentes bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe destas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custe da actividade subvencionada.

Se a achega municipal se cofinancia con cargo aos fondos do Plan Concellos aplicaranse estas bases e o control técnico e administrativo da concesión, execución e xustificación da subvención será efectuado polos servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e Cooperación conxuntamente.

Para este efecto, en conformidade co disposto no artigo 14.1.d da LXS e no artigo 33 do RLXS, unha das obrigas do beneficiario é a de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

Décimo sétima. Perda do dereito a cobrar a subvención

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención nos seguintes casos:

- Por obtela falseando as condicións requiridas
- Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases
- Nos demais casos previstos no réxime xurídico das subvencións

Décimo oitava. Modificación da resolución de concesión

A entidade local beneficiaria da subvención poderá solicitarlle ao órgano que a concede a modificación da resolución da concesión nos termos e condicións establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Décimo novena. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria enviaráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésima. Natureza e réxime xurídico

As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria teñen a natureza xurídica de subvencións.

Segundo o disposto na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, estas subvencións rexeranse polo disposto nestas bases, e resultarán de aplicación supletoria as disposicións da devandita Lei 38/2003.

Vixésima primeira. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Vixésima segunda. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público en xeral dada a publicación de actos prevista no punto noveno.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Documento asinado dixitalmente na marxe

ANEXO I: PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO ÁMBITO MUNICIPAL. EIXE 1

1. OBXECTIVOS XERAIS DOS PROXECTOS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO ÁMBITO MUNICIPAL

Os proxectos redactados ao abeiro desta axuda deben propiciar que as cidades, vilas e aldeas da provincia de Pontevedra se convertan en lugares seguros, con calmados de tráfico, con espazos públicos e prazas para o xogo e o goce da cidadanía.

Os obxectivos xerais que se buscan coa redacción destes proxectos serán:

- Mellorar o medio ambiente afectado por prácticas de mobilidade contaminantes
- Favorecer a mobilidade sustentable fomentando os desprazamentos a pé e en bicicleta
- Favorecer a realización de actividade física cotiá cos beneficios asociados para a saúde
- Conseguir núcleos de poboación máis seguros e acolledores
- Recuperar o uso e goce dos espazos públicos polos colectivos máis vulnerables
- Promocionar a seguridade viaria

2. TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS

Os proxectos redactados poderán ser:

- Xeración de rúas e espazos para as e os peóns
- Humanización de estradas/rúas ou parte destas
- Humanización doutros espazos
- Sendas peonís e/ou ciclables
- Recuperación de espazos para as persoas
- En xeral, proxectos que favorezan o tránsito peonil e en bicicleta fronte á mobilidade motorizada, cumprindo os requisitos mínimos das bases

3. CRITERIOS DOS PROXECTOS

As intervencións propostas, entre outras, e en función das necesidades, deben estar enfocadas á disuasión da mobilidade en vehículo privado e á potenciación de modos de desprazamento alternativos, así como á redución da velocidade nas estradas que atravesen núcleos de poboación xerando zonas de tráfico calmo e zonas de convivencia e prioridade peonil.

Ademais dos mínimos legais esixibles, os proxectos redactados deberán ter un nivel de detalle tal que se garanta a accesibilidade universal, de forma que as infraestruturas sexan utilizables e

practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.

Os proxectos redactados ao abeiro desta convocatoria deben cumprir os criterios establecidos nas bases e na *Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable*, dispoñible para a súa descarga a través do enlace: <https://www.depo.gal/es/movese/guia-basica-de-espazos-publicos-e-mobilidade-amable>. En concreto, os proxectos deben cumprir, no caso de que sexa de aplicación á tipoloxía concreta de proxecto, os anexos da guía referentes ao “Protocolo de actuación para os proxectos de seguridade viaria na rede provincial” e a “Instrución de deseño dos dispositivos de precaución para as vías provinciais”, publicados tamén no BOPPO núm. 102, de 29 de maio de 2018, e que se transcriben a continuación:

3.1. Protocolo de actuación para proxectos de seguridade viaria

Ampliar e modificar vías consolidadas adoita ser un proceso que necesita de grandes investimentos económicos e con graves efectos sobre os bens, o patrimonio e o territorio. Así mesmo, a preocupación pola sustentabilidade e o medio é un dos valores que con maior forza está arraigando en todas as sociedades desenvolvidas ao longo dos últimos anos. Ademais, as novas tendencias obrigan a ter en conta as necesidades das denominadas mobilidades amables.

Non é de estrañar, polo tanto, que a política en infraestruturas, con forte impacto territorial, estea substancialmente afectada pola incorporación de variables ambientais. Ademais, débese ter moi en conta a consideración do servizo que presta cada vía e as demandas reais e potenciais, facendo especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, persoas en bicicleta e persoas con mobilidade reducida.

A variabilidade de tipoloxías e a dispersión no territorio, propio desta provincia, supoñen unha complexidade que fai moi difícil pasar de recomendacións xenéricas a normas concretas. Aínda que, se inclúen a continuación unha serie de criterios mínimos que deben estar no deseño de novos proxectos. As solucións que, de forma excepcional, non inclúan estes mínimos deberán ser exhaustivamente xustificadas.

3.1.1. OBXECTO

Cumprírase a normativa en vigor en materia de estradas (Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia), no que non se opoña á Ordenanza de seguridade viaria da Deputación de Pontevedra e ao desenvolvemento deste protocolo.

3.1.2. PRIORIDADES DE USO

Daráselle prioridade en todas as actuacións en materia viaria ás necesidades dos sectores máis vulnerables. A xerarquía será 1.º peón, 2.º ciclista, 3.º transporte público, 4.º vehículo privado. En cada proxecto establecerase e xustificarse a fórmula para garantir a convivencia harmónica das diferentes mobilidades de forma coherente.

3.1.3. SEGREGACIÓN DE ESPAZOS PARA O PEÓN

Nos proxectos de urbanización e reurbanización, as beirarrúas, en caso de existir e salvo excepcións puntuais xustificadas, terán rasantes continuas, un ancho mínimo de 2,50 m e cumprirán cos criterios de accesibilidade universal. Os distintos elementos do mobiliario urbano situaranse de forma que xeren un espazo peonil continuo de seguridade sen obstáculos.

No caso de que esta solución sexa desaconsellable ou imposible, a alternativa prioritaria será a plataforma única ao mesmo nivel coas medidas de redución e calmado de tráfico necesarias para protexer os colectivos máis vulnerables.

Desta forma, e como criterio xeral, segundo a condición do contorno:

- Fóra de núcleos de poboación evitarase a creación de beirarrúas e, en caso de considerarse necesario, realizaranse mediante sendas exentas.
- Dentro de núcleos de poboación (en zonas rururbanas), os itinerarios peonís segregados realizaranse mediante sendas cun ancho mínimo de 2,50 m, ao mesmo nivel, que poderán estar fisicamente separadas por balizas tipo H-75, resaltes, ollos de gato, cunetas, separadores viarios de caucho ou similares, e con asfalto ou formigón colorado ou xabre compactado con cemento.
- En zonas moi urbanas, as beirarrúas terán un ancho mínimo de 2,5 m. Buscaranse solucións que minimicen o uso de baldosa hidráulica.

Nos casos en que exista ancho de plataforma suficiente os usos deberán estar segregados. Desta forma, e como criterio xeral, segundo o espazo dispoñible na plataforma:

- En plataformas con anchos por encima de 12 m os usos poden estar segregados.
- En plataformas por baixo de 12 m as solucións deben redistribuír os espazos de forma que se alcance un ancho mínimo de 2,5 m para o itinerario peonil e, de non ser posible, a solución será a plataforma única.

En todos aqueles casos de novas estradas ou melloras de seguridade viaria en estradas existentes, onde non sexa posible a segregación de usos nin a separación física de espazos deberase garantir

unha velocidade máxima de 30 km/h, para o que se deberán incluír medidas adicionais de calmado de tráfico.

Nas plataformas únicas en zonas rururbanas poderanse marcar liñas de vida mediante a iluminación, cambios de pavimento, sinalización ou balizamento, que sirvan como guías ás e aos peóns, pero estas deberán ser en calquera caso salvables e garantir un ancho mínimo de 2,5 m para o peón.

3.1.4. RÚAS E ESPAZOS DE PREFERENCIA PEONIL

- As rúas, itinerarios e áreas de preferencia peonil deberán ser continuas e compactas.
- En zonas urbanas evítase, dentro das áreas de preferencia peonil, a creación de circuitos para vehículos motorizados, e especialmente, aqueles que poidan sobrecargarse de tráfico.
- Os espazos de preferencia peonil deben ter rasante continua e plataforma a nivel.
- Non se deben crear barreiras en forma de cotas ou outros elementos de difícil remoción, para facilitar o acceso a persoas de mobilidade reducida e en previsión de necesidades de acceso para obras, servizos, bombeiros etc.
- En áreas de preferencia peonil non deben crearse nin sinalizarse prazas de estacionamento.
- En novos proxectos no rururbano, nos que o espazo é moi limitado, deberá dársele prioridade sempre á creación de espazos peonís en detrimento de bandas laterais de aparcadoiro.

3.1.5. USO POR BICICLETAS

Nas zonas nas que se pretenda fomentar o uso da bicicleta para a mobilidade cotiá:

- En zonas urbanas non existirán carrís-bici polas beirarrúas e a bicicleta compartirá plataforma co vehículo a motor. Para iso garantíranse baixas velocidades de tráfico mediante dispositivos de calmado de tráfico.
- En estradas entre núcleos nas que se dean as condicións de IMD maior de 8.000 veh/d e/ou con velocidades por encima dos 70 km/h, será necesaria a segregación de usos entre vehículo a motor e bicicletas, mediante unha senda exenta ou con separación física.
- En zonas rururbanas:
 - o De existir un ancho de plataforma suficiente e con baixas densidades de tráfico peonil e en bicicleta será posible a creación dunha banda lateral de convivencia peonil e en bicicleta, con sinalización específica na que se indique a prioridade peonil. O ancho da banda lateral dependerá da densidade de peóns e ciclistas esperada e da velocidade da vía (entre 2,5 e 4 m).

- De non existir un ancho de plataforma suficiente, será necesaria a creación de zonas de convivencia, na totalidade do ancho da vía, con diferenciación de pavimento con respecto ao resto da estrada, elementos de calmado de tráfico na entrada á zona de convivencia e a correspondente sinalización de prioridade peonil.

3.1.6. ACCESIBILIDADE

Os espazos de preferencia peonil deben ter rasante continua e plataforma a nivel. En calquera caso:

- Non se deseñarán ramplas para a accesibilidade cando o ancho entre beirarrúa e rampla non supere en conxunto os 320 cm, 180 cm libres fóra da rampla máis 140 cm para unha pendente máxima do 10 % na rampla (cálculo para unha altura de beirarrúa de 14 cm).
- En accesos a predios e garaxes deberá existir na beirarrúa un ancho mínimo horizontal de 90 cm libre doutros obstáculos.
- O espazo para os itinerarios peonís non pode en ningún caso tratarse como o espazo residual da rúa. Desta forma, en zonas urbanas os espazos dedicados ás e aos viandantes deberán ser, en xeral, de polo menos o 50 % do espazo total da rúa, e en calquera caso, como mínimo, terán 2,5 m.
- O mobiliario urbano non debe supoñer en ningún caso un obstáculo dentro dos itinerarios peonís, por iso, o ancho libre sobre a beirarrúa unha vez colocado o mobiliario debe ser de 1,80 m.

3.1.7. CRUZAMENTOS

- Como norma xeral, en solo urbano, hai que poñer pasos de peóns en todas as rúas ou vías que conflúen nun cruzamento.
- Debe evitarse a colocación de semáforos. En caso de ser necesario o cruzamento semaforizado deberá especificarse o tempo das distintas fases dos semáforos, con tempo para os peóns suficiente e coa garantía de que o tempo de desaugadoiro permite que o último peón abandone a calzada sen correr.
- Os pasos de peóns nos cruzamentos deberán ser directos e continuación ou prolongación da beirarrúa ou itinerario para viandantes e ter a menor lonxitude posible.
- Os pasos de peóns serán sobreelevados, sendo continuación da beirarrúa en canto á rasante.
- Deberá xustificarse a distancia máxima entre os pasos de peóns.

3.1.8. PASOS DE PEÓNS FÓRA DOS CRUZAMENTOS

- Deben ter a menor lonxitude posible, xustificando o deseño, especialmente en estradas, se é o caso, e travesías.
- Deben estar convenientemente iluminados, indicando a solución do sistema de iluminación e sinalización que se expón.
- Deben estar protexidos e ser sobreelevados, xustificando ademais a velocidade de paso de vehículo para a que se deseñan, especialmente en estradas, se é o caso, e travesías.
- Con carácter xeral e sen prexuízo das excepcións debidamente xustificadas nas estradas de titularidade provincial, e excepto nas vías urbanas e travesías, deberán evitarse os pasos de peóns. Se hai que proceder a implantar un paso de peóns, tratarase a zona de inicio e final de paso, xa fóra da calzada, coas características da beirarrúa ou equivalente (itinerario peonil) e, con carácter imprescindible, deberán conectarse estas zonas cos servizos que motivaron a implantación do paso. Os novos pasos de peóns que se implanten deberán contar con itinerarios peonís en ambas as marxes, coa adecuada iluminación e/ou sinalización, restricións de estacionamento que garantan a visibilidade mutua entre viandante e condutor, medidas de calmado de tráfico que incrementen a seguridade e avisen do paso (como redutores físicos de velocidade), sinalización adecuada, prohibición de adiantamento nas inmediacións (con independencia de que se se sitúan nunha travesía en toda ela está prohibido o adiantamento), limitación de velocidade igual ou inferior a 50 km/h etc.

3.1.9. SECCIÓN TRANSVERSAL

Espazo peonil

As seccións transversais definiranse en función do espazo dispoñible e o ámbito no que se actúa segundo os artigos 3 a 6.

Con carácter xeral, as dimensións mínimas dos elementos para ter en conta serán:

- Espazo mínimo para peóns: 2,5 m
- Separación física de usos mediante zonas axardinadas ou bandas de separación: de 0,20 a 0,50 m
- Ancho de beiravía mínima: 0,50 m


En caso de que o espazo dispoñible sexa insuficiente tomaranse as seguintes medidas:

- Tendido de cunetas de formigón a un ancho mínimo practicable de 1 m

- Canalización da drenaxe lonxitudinal da estrada para gañar espazo en superficie
- Medidas de calmado de tráfico e fomento de convivencia de usos
- Ocupación de terreos anexos á estrada

Anchura dos carrís

A menor ancho de carril, menor é a velocidade dos vehículos que circulan por estes. Así, como elemento de calmado de tráfico é conveniente a redución da sección da calzada ao mínimo que permita o paso dun camión de bombeiros.



3.1.10. ESTACIONAMENTO

Cando se xustifique a necesidade de estacionamento, este debe ser preferiblemente en liña. O estacionamento en batería supón unha maior invasión do espazo que, de existir, debe ser sempre aproveitado como área peonil.

- O estacionamento en liña debe dispoñer dun ancho da orde de 2,20 m +/- 10 cm.
- De xustificarse o estacionamento en batería, este deberá ter unhas dimensións da orde de 5 m x 2,50 m e dispoñerse de forma que a saída do vehículo se faga na dirección da circulación (aparcadoiro en espiga). En ningún caso se utilizará o estacionamento en batería en zonas de velocidade de circulación maior a 50 km/h nin na proximidade de interseccións.

3.1.11. ILUMINACIÓN

- A iluminación debe estar orientada aos itinerarios peonís, en particular en cruces e pasos de peóns, sen zonas escuras en beirarrúas nin cegamento a viandantes e condutores.
- En zona urbana a banda de localización da iluminación será a máis próxima á calzada, mentres que en zona rururbana será a máis próxima ao exterior da plataforma para minimizar as incidencias en caso de saída de vía e garantir a iluminación do itinerario peonil.

3.1.12. COMPETENCIA ENTRE USOS

A prioridade das mobilidades amables reflíctese tamén en que as vías deben estar deseñadas de tal forma que se eliminen totalmente os espazos de competencia. Os sobreanchos en interseccións, a carencia de orellas ou lingüetas, a posibilidade de remontar ou invadir espazos reservados ao peón e situacións similares deben desaparecer. Estes espazos de posible competencia orixinan conflitos e perigos que sempre van en detrimento da boa calidade da circulación peonil. Desta forma:

- Debe garantirse a visibilidade peón-vehículo, e as solucións serán xustificadas baseándose na velocidade máxima de circulación.
- As esquinas deben ser tratadas mediante orellas ou lingüetas.
- Nas interseccións daráselle prioridade á existencia dunha solución funcional para a continuidade do itinerario peonil.
- Non se deseñarán aparcadoiros ao bordo de pasos de peóns.

3.1.13. PORTAS DE ENTRADA

Salvo nos casos nos que unha rúa ou área estea rodeada doutras con tráfico xa calmado, sempre deberá existir unha porta de entrada á zona, para o que as opcións preferentes son as rotondas e os reductores físicos de velocidade.

Nas travesías ou núcleos de poboación deben marcarse as portas de entrada a zonas onde a existencia de peóns na calzada, que habitualmente é ademais estreita, é non só posible senón frecuente. Así, a porta debe supoñer non só un elemento de calmado da velocidade do tráfico, senón tamén un símbolo que lle indique á ou ao condutor que debe circular con precaución e que pode atoparse con peóns.

Naquelas zonas onde se considere oportuno o reforzo na sinalización da porta de entrada poderán utilizarse elementos como dentes de dragón ou outras medidas debidamente xustificadas.

3.1.14. CALMADO DO TRÁFICO

Os dispositivos de calmado do tráfico deben cumprir as especificacións incluídas na Instrución de deseño de dispositivos de precaución.

3.1.15. CONSIDERACIÓNS DE CIRCULACIÓN

Sen prexuízo de todo o anterior, do establecido na Ordenanza de seguridade viaria da Deputación de Pontevedra e do Regulamento xeral de estradas de Galicia, nas actuacións de nova execución ou acondicionamento e mellora estableceranse as seguintes medidas adicionais.

En núcleos de poboación

- Prohibirase o adiantamento.
- Limitaranse os xiros á esquerda en caso de existiren puntos de cambio de sentido (glorietas, botóns, circuítos por rúas contiguas etc.).
- As velocidades máximas de circulación limitaranse a 50 km/h se existe paseo lateral ou beirarrúa e 30 km/h noutros casos.

Fóra de núcleos de poboación

- A sinalización horizontal incluírá resaltes laterais (bandas sonoras) e ollos de gatos laterais.
- Sinalizaranse con dobre liña continua con resaltes e ollos de gato de dobre cara branca en:
 - o Tramos de alta sinistralidade, aqueles tramos onde se detecte unha sinistralidade anormal.
 - o Vías con carrís adicionais para circulación rápida ou lenta.
 - o Vías para automóviles segundo a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Limitaranse os xiros á esquerda en caso de existir en puntos de cambio de sentido (glorietas, botóns, circuítos por rúas contiguas etc.)
- Protexeranse as interseccións:
 - o Realzando a súa presenza coa redución do ancho de carril á conta da creación dun illote central en pintura.
 - o Garantindo a visibilidade entre as vías da intersección.
 - o Incorporando elementos de preaviso e redución de velocidade, no seu caso.
- Nos tramos de alta accidentabilidade aplicaranse microaglomerados en frío co obxecto de mellorar a adherencia e diminuír a velocidade de forma natural.
- As velocidades máximas serán:
 - o 80 km/h cando existan carrís de 3,5 m e beiravías de anchura maior ou igual a 1 m.

- 70 km/h cando existan carrís de 3,5 m e beiravías de anchura maior ou igual a 0,5 m ou cando existan carrís de 3 m e beiravías de anchura maior ou igual a 1 m. sendo desexable esta segunda opción sobre a primeira.
- 60 km/h cando existan carrís inferiores a 3 m e beiravías de anchura maior ou igual a 0,5 m.
- 50 km/h cando existan carrís inferiores a 3 m, con ou sen beiravías.

3.1.16. PAVIMENTOS PARA SENDAS

Con carácter xeral, e coa intención de dar un criterio o máis homoxéneo posible, para os itinerarios peonís defínense os seguintes tipos de material a utilizar nas seccións transversais de sendas:

- Formigón (coloreado e gris)
- Aglomerado coloreado
- Xabre estabilizado con conglomerante (cemento, calcín de vidro, polímeros etc.)

As zonas de tránsito peonil en zonas non urbanas ou en contornos non moi poboados, como poden ser sendas de mellora en Camiños de Santiago, paseos de lecer etc., o material para utilizar será un solo (xabre areoso, non plástico, con tamaño máximo 20 mm) tratado con conglomerante e compactado.

En zonas asimilables a urbanas, con edificación continua a sección será preferentemente de 16 cm de formigón HF-3,5 con cemento de baixo calor de hidratación e con malla e xuntas de retracción, para reducir a fisuración.

Nalgúns casos, segundo os condicionantes da contorna e con xustificación da idoneidade, poderase optar por outro tipo de solucións como aglomerado colorado, slurry etc.

3.2. Instrución de deseño dos dispositivos de precaución para as vías provinciais


3.2.1. PASOS PEONÍS SOBREELEVADOS (PPS) E MESETAS: VELOCIDADES, PENDENTES, ANCHOS, ALTURAS

As táboas que figuran a continuación refírense a supostos de rasante do viario sensiblemente horizontal e abarcan entre 6 e 14 cm de altura. Debaixo de 6 cm, mesmo con pendentes fortes nas ramplas (maiores que as que se indican nas táboas) non se ten constancia nin experiencia suficiente para afirmar que realmente se consiga o efecto redutor da velocidade que se pretende con estes dispositivos.

Polo que se refire á anchura, o mínimo non debería ser inferior a 4 m de ancho (paso de peóns), sendo recomendable que teñan un ancho de 5 m.

Os valores seguintes poden tomarse como referencia tanto para cidade e núcleos de poboación como para estradas e, especialmente, travesías. No proxecto deberá xustificarse a adopción destes valores ou a proposición doutros, explicando as razóns que levan a expoñer uns ou outros e contemplando na análise o contexto urbano, rural ou rururbano no que se inscriben as actuacións. É admisible unha tolerancia do 30 % en relación aos valores das táboas, tal como establece a Ordenanza de Seguridade viaria.

En principio, e salvo xustificación, o encaixonado deberá ser de 0'50 metros tanto antes como despois do punto de encontro da rampla coa calzada.



A) PPS/Meseta de caras planas

PENDENTE DAS RAMPLAS DE ENTRADA E SAÍDA EN FUNCIÓN DA VELOCIDADE E DA ALTURA				
Velocidade (km/h)	Altura (cm)			
	6	8	10	14
20	9 %	8,5 %	8 %	7,5 %
30	8 %	7 %	6,5 %	6 %
40	6,5 %	6 %	5 %	4,5 %
50	5,5 %	5 %	4 %	3,5 %

Para os efectos da realización *in situ* no momento da obra estableceuse a táboa seguinte, onde se indica a lonxitude da base das ramplas, redondeada por defecto. Con todo, hai proxectistas que prefiren transmitir en obra as pendentes e non as dimensións da base:

LONXITUDE DA BASE DAS RAMPLAS DE ENTRADA E SAÍDA EN FUNCIÓN DA VELOCIDADE E DA

ALTURA

Velocidade (km/h)	Altura (cm)			
	6	8	10	14
20	65 cm de base	90 cm de base	125 cm de base	185 cm de base
30	75 cm de base	110 cm de base	150 cm de base	230 cm de base
40	90 cm de base	130 cm de base	200 cm de base	310 cm de base
50	110 cm de base	160 cm de base	250 cm de base	400 cm de base

B) PPS/Meseta rampla sinusoidal

Estes PPS son menos utilizados que os de caras planas.

Na práctica, ao executar estes dispositivos de calmado de tráfico con mesturas bituminosas en quente, o propio proceso de execución no seu compactado propicia un lóxico efecto de suavizado dos encontros en forma de sinusoide, efecto que rebaixar o efecto redutor de velocidade do dispositivo, polo que é necesario partir de valores máis estritos de deseño e que son os que se mostran a continuación.

PENDENTE DAS RAMPLAS DE ENTRADA E SAÍDA EN FUNCIÓN DA VELOCIDADE E DA ALTURA

Velocidade (km/h)	Altura (cm)			
	6	8	10	14
20	10 %	9,5 %	9 %	8,5 %
30	9 %	8 %	7,5 %	7 %
40	7,5 %	7 %	6 %	5,5 %
50	6,5 %	6 %	5 %	4,5 %

Para os efectos da realización *in situ* no momento da obra estableceuse a táboa seguinte, onde se indica a lonxitude da base das ramplas, redondeada por defecto:

LONXITUDE DA BASE DAS RAMPLAS DE ENTRADA E SAÍDA EN FUNCIÓN DA VELOCIDADE E DA ALTURA

Velocidade (km/h)	Altura (cm)			
	6	8	10	14

20	60 cm de base	80 cm de base	110 cm de base	160 cm de base
30	65 cm de base	100 cm de base	130 cm de base	200 cm de base
40	80 cm de base	115 cm de base	165 cm de base	250 cm de base
50	90 cm de base	130 cm de base	200 cm de base	310 cm de base

Nos dous supostos A) e B) anteriores, adicionalmente, cando a altura do paso de peóns sexa moi elevada (maior de 14 cm), ademais da corrección das pendentes de entrada, existen dous mecanismos de compensación:

* A ampliación da meseta. Esta corrección pode facerse multiplicando, como mínimo, a altura media en centímetros do dispositivo por 0,45 e o resultado en metros, o que daría a dimensión final da meseta, salvo que outras determinacións, como o paso de autobuses articulados, recomende maior lonxitude.


* A determinación e establecemento dunha altura máxima. Se a beirarrúa é moi elevada resulta evidente que o PPS non pode alcanzar o nivel desta, polo que para estes casos convén determinar unha altura máxima, p. ex.: 14 cm, e levantar a calzada os cm necesarios uns m antes e despois do paso. Así mantén a rasante da beirarrúa, do paso de peóns e, de ser necesario, pódese alcanzar un efecto graduado de dobre redutor, pois a calzada sobreelevada debería ser paralela á calzada orixinal nas acometidas do PPS.

Casos específicos: rúas e estradas con pendentes significativas

As rúas e estradas non son sempre horizontais e con reducidas pendentes. En moitas ocasións as pendentes son elevadas. Nestes casos considérase que debe ser na elaboración do proxecto de seguridade viaria que se xunte ao proxecto construtivo onde se xustifique o deseño final do redutor de velocidade ou paso de peóns sobreelevado.

3.2.2. REDUTORES FÍSICOS DE VELOCIDADE (RFV OU LOMBOS) CIRCULARES, TRIANGULARES E TRAPEZOIDAIS: VELOCIDADES, PENDENTES, ANCHOS, ALTURAS

Son aconsellables os redutores de alturas de 6 e 8 cm; os máis habituais son os primeiros.



A) REDUCTORES FÍSICOS DE VELOCIDADE CIRCULARES

Para os redutores físicos de velocidade de sección circular:

PENDENTE DAS RAMPLAS DE ENTRADA E SAÍDA EN FUNCIÓN DA VELOCIDADE E DA ALTURA		
Velocidade (km/h)	Altura (cm)	
	6	8
30	6 %	6 %
40	4 %	4 %
50	3 %	3 %

Para os efectos da realización *in situ* no momento da obra estableceuse a táboa seguinte, onde se indica a lonxitude da base das ramplas, redondeada por defecto:

LONXITUDE DA BASE DAS RAMPLAS DE ENTRADA E SAÍDA EN FUNCIÓN DA VELOCIDADE E DA ALTURA		
Velocidade (km/h)	Altura (cm)	
	6	8

30	100 cm	130 cm
40	150 cm	200 cm
50	200 cm	265 cm

B) REDUTORES FÍSICOS DE VELOCIDADE TRIANGULARES

Para os redutores físicos de velocidade de caras planas:

PENDENTE DAS RAMPLAS DE ENTRADA E SAÍDA EN FUNCIÓN DA VELOCIDADE E DA ALTURA

Velocidade (km/h)	Altura (cm)		
	6	8	8 *
30	7 %	6,5 %	7 %
40	5 %	4,5 %	5 %
50	4 %	3,5 %	4 %

* Se se utilizan para protexer un paso de peóns non sobreelevado, é dicir, a nivel da calzada


Para os efectos da realización *in situ* no momento da obra estableceuse a táboa seguinte, onde se indica a lonxitude da base das ramplas, redondeada por defecto:

LONXITUDE DA BASE DAS RAMPLAS DE ENTRADA E SAÍDA EN FUNCIÓN DA VELOCIDADE E DA ALTURA

Velocidade (km/h)	Altura (cm)		
	6	8	8 *
30	85 cm	120 cm	110 cm
40	120 cm	175 cm	160 cm
50	150 cm	225 cm	200 cm

* Se se utilizan para protexer un paso de peóns non sobreelevado, é dicir, a nivel da calzada

C) Redutores físicos de velocidade trapezoidais



Os redutores físicos de velocidade de tipo trapezoidal sen paso de peóns asociado terán dúas características constantes para caras planas:

Altura: 12 cm

Ancho da meseta: 3 m

PENDENTE E LONXITUDE DA BASE DAS RAMPLAS DE ENTRADA E SAÍDA EN FUNCIÓN DA VELOCIDADE E DA ALTURA

	Pendente (%)	Lonxitude Base da rampla (cm)
30	6 %	200 cm
40	5 %	240 cm
50	4 %	300 cm

4. CONDICIÓN TÉCNICAS

Na realización do proxecto o adxudicatario terá en conta as directrices e previsións contidas nos PXOU, os seus plans de desenvolvemento, os datos, previsións e plans dos organismos ministeriais e autonómicos e locais en todos os aspectos que teñan relevancia en materia de mobilidade, e o plan de mobilidade sostible do Concello.

5. DIRECCIÓN TÉCNICA

A redacción do proxecto promoverao o Concello, que será o responsable da coordinación co equipo técnico redactor. O Concello encargarse da dirección técnica da redacción do proxecto, mediante a persoa ou persoas en que delegue.

A Deputación de Pontevedra validará que a documentación final se corresponde co especificado nas bases da convocatoria para aboar as cantidades subvencionadas.

6. PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

O proxecto construtivo obxecto deste prego entregarse en soporte electrónico en formato PDF e en aberto, segundo as especificacións contidas no anexo II das bases. Os planos orixinais realizaranse en formato A1, á escala convinte e utilizando copias reducidas en tamaño A3 para a súa encadernación.

Será necesario entregar dúas copias do documento en CD ou DVD. Unha copia quedará á disposición do Concello e outra á disposición da Deputación de Pontevedra.

O contido do proxecto que se presentará na Deputación de Pontevedra, que posibilitará a súa validación final de cara á xustificación e ao abono da axuda económica, deberá cingirse como mínimo ao contido neste prego de prescricións técnicas e deberá incluír todos os documentos esixibles pola normativa vixente e cumprir o establecido no "Anexo II: Instrucións de redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal".

ANEXO II: INSTRUCIÓNS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO ÁMBITO MUNICIPAL. EIXE 1

1. OBXECTO

Estas instrucións teñen por obxecto homoxeneizar criterios no contido formal e nos aspectos de presentación para a redacción dos proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal.

Igualmente, as prescricións e instrucións aquí previstas servirán de base para controlar os anteditos proxectos polas técnicas e técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Estas instrucións aplícanse ao eixe 1 das Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos ou execución de obras para mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal.

3. FORMATO DE PRESENTACIÓN

O idioma de redacción do proxecto será, preferiblemente o galego. Se ben, admitirase tamén o castelán.

As fontes admitidas serán Arial, Calibri e Times New Roman e o tamaño delas será 11, coas marxes que ten por defecto o procesador de textos e o entreliñado 1,0.

Os textos e planos que integran o proxecto presentaranse en formato DIN A3 horizontal.

Os textos, a dobre columna, disporán dun encabezamento de páxina co logotipo da Deputación de Pontevedra, o logotipo Ágora e o escudo do Concello á esquerda, segundo o anexo 7.1.3.

O título do proxecto e mais o título do documento figurarán á dereita. No pé de páxina virá a numeración de cada páxina co número total de páxinas do documento e o logotipo da consultora ou consultor, no seu caso.

A delineación dos planos farase en formato DIN A1 e imprimiranse en formato DIN A3, a escala da metade do orixinal. (inclúese o devandito formato en versión .dwg no anexo 7.1.2; recoméndase usar este como referencia externa ou similar para que no caso de cambios puntuais na caixa estes se fagan unicamente no arquivo referenciado).

En todo caso, o tamaño e a calidade dos textos, acotamentos e debuxos ten que ser o adecuado para que ao reproducilos o seu contido sexa claramente visible.

O Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, poderá, antes de iniciar a redacción do proxecto, especificar outros formatos de presentación.

A portada do proxecto (anexo 7.1.1) usarase en cada documento ou tomo.

4. CONTIDO DO PROXECTO

O proxecto de construción debe desenvolver ao completo todos os datos e as precisións necesarias para poder executar as obras sen a intervención das persoas redactoras deste; para iso, deberán conter a documentación prevista a continuación.

En todo caso, deberase reflectir e xustificar no proxecto que se respecta o contido mínimo dos proxectos ao abeiro do establecido no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e, no seu caso, no artigo 42 do Regulamento xeral de estradas de Galicia (ou normas que os substitúan ou os complementen).

Así mesmo, o proxecto deberá cumprir todas as disposicións normativas vixentes aplicables aos proxectos de obras, así como as instrucións e recomendacións que resulten de aplicación, e deberá quedar claramente especificado o cumprimento destas nos seus correspondentes apartados.

Enténdense incluídos na redacción do proxecto todos os traballos precisos de mecanografía, delineación, topografía, reprodución, encadernación e similares, así como as posibles modificacións do proxecto por erros ou omisións non imputables á Administración contratante.

Terase en conta tamén que o contido do proxecto reflectido nestas instrucións se deberá considerar a modo de referencia, e permitirase un certo grado de flexibilidade no cumprimento destas, que será determinado, en cada caso, polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.

4.1. Documentos do proxecto:

4.1.1. Memoria:

a) A memoria descritiva:

O obxecto da memoria descritiva é definir de xeito rápido o proxecto de obras e todos os aspectos que poidan incidir nel; o seu desenvolvemento deixarase para os anexos, no seu caso.

Titular. Identificará a Administración titular da estrada obxecto do proxecto, de ser o caso.

Descrición. Describirá o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa destas, as necesidades a satisfacer e a xustificación e descrición das obras e a solución técnica adoptada coa especificación dos factores de todo tipo que deben terse en conta e, en particular, os de tipo social, técnico, económico, ambiental, de seguridade viaria e de tipo administrativo.

Planeamento urbanístico e ordenación do territorio. Comprobarase e xustificarase a adecuación da obra proxectada aos instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio. Superporase a traza da estrada ou situación da obra sobre o plano de clasificación urbanística.

Indicarase as clases de solo polas que discorre a obra. Incluirase tamén a representación gráfica das zonas de protección da estrada e da liña límite de edificación, de ser o caso.

Patrimonio cultural. Deberán recollese as posibles afeccións ao patrimonio cultural de acordo co catálogo do planeamento municipal e do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia¹, de ser o caso. Tamén se terá en conta, para estes efectos, o previsto no artigo 198. 2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia, no que se dispón que a aprobación inicial dos catálogos urbanísticos (catálogos que forman parte dun instrumento de planeamento urbanístico con aprobación inicial) terá como consecuencia a necesidade dun informe sectorial no caso de obras e usos nas zonas de amortecemento e nos contornos de protección.

Información pública. No caso de que o proxecto de construción se someta aos trámites de información pública en materia de estradas e ao informe das administracións afectadas, indicaranse as determinacións urbanísticas do planeamento municipal que deben modificarse como consecuencia da súa aprobación, así como o prazo para realizar a correspondente adecuación.

Ocupación de terreos. Darase conta da necesidade de ocupación de terreos para a execución das obras coa inclusión dun cadro resumo de superficies segundo a súa clasificación urbanística; a continuación, pormenorizarase o anexo correspondente.

Medio ambiente. Xustificarase o cumprimento da declaración de impacto ambiental correspondente ao estudo informativo, anteprojecto ou proxecto de trazado cando o proxecto de construción desenvolva un documento dese tipo que fose sometido ao trámite de avaliación ambiental, sen prexuízo, de ser o caso, dos efectos derivados do acordo de resolución de discrepancias respecto da antedita declaración de impacto ambiental. De igual modo, xustificarase o cumprimento do resto da normativa sectorial en materia de protección medio ambiental.

Accións sísmicas. Incluirá, no seu caso, un informe sobre accións sísmicas.

Accesibilidade. Xustificarase o cumprimento da normativa sectorial en materia de accesibilidade que sexa de aplicación segundo a natureza da obra, no caso de que se empreguen por peoas ou peóns de forma habitual, tales como sendas, prazas, pasarelas e resto de obras de humanizacións².

Normativa de contratos. Incluirase:

¹ <http://inventariopatrimoniocultural.xunta.es/>

² De xeito non limitativo e nomeadamente: a Lei 10/2014 de accesibilidade, o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreras na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 35/2000 e a Orde VIV/561/2010 pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados

- Tipo de obra segundo a clasificación prevista no artigo 232 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.
- Estudio xeotécnico, de acordo co artigo 233.3 da Lei 9/2017. No caso de que resultase incompatible coa natureza da obra farase constar e xustificarse a súa omisión, de incompatible ou innecesariedade.

Se procede, incluíranse os seguintes puntos ou xustificarse a súa omisión:

- Determinación da clasificación esixible á ou ao contratista (grupo, subgrupo e categoría).
- Fórmula de revisión de prezos e determinación de obra completa³.

Autorizacións sectoriais: farase constar de xeito expreso se son necesarias ou non autorizacións derivadas da normativa sectorial de aplicación.

Orzamentos. Recollerase o orzamento de execución material das obras, así como o orzamento base de licitación⁴, con e sen o IVE, así como o orzamento para o coñecemento da Administración, de ser procedente.

Prazos. Farase referencia ao prazo previsto para a execución das obras a partir da data da firma da acta de comprobación do replanteo e ao prazo de garantía a partir da firma da acta de recepción das obras.

Índice. Como peche da memoria farase un listado dos documentos que integran o proxecto, a memoria e todos os seus anexos, planos numerados e a súa designación, o prego de prescricións técnicas particulares, as medicións, os orzamentos e demais documentación.

Cada apartado da memoria descritiva, no caso de ser necesario pola súa extensión, desenvolverase no seu correspondente anexo, e deixarase nesta un resumo ou unha introdución deste cos datos principais.

³ Estes aspectos, no sentido previsto nos artigos 25 e seguintes, artigos 104 ao 106 e artigo 125 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001 e concordantes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou normas que os substitúan.

⁴ Artigo 131 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001; tamén chamado pola anterior normativa de contratos como "orzamento de execución por contrata", ou "PEC" en castelán.

b) Os anexos:

Incluiranse os anexos precisos para desenvolver todos os datos e o contido da memoria descritiva. Polo mesmo motivo, cando un anexo resulte demasiado curto ou sinxelo recoméndase integralo na memoria descritiva.

Se non fose preciso incluílos debido á natureza do proxecto, deberá xustificarse, no seu apartado correspondente, os motivos que levaron á súa omisión.

De xeito non limitativo deben constar os seguintes anexos:

1. Situación actual e reportaxe fotográfica
2. Topografía e referencias de todo tipo para o replanteo da obra, coas coordenadas das bases de replanteo no sistema ETRS-89
3. Xeoloxía e xeotecnia
4. Anexo de integración ambiental
5. Anexo de necesidades de ocupación de terreos (no caso de haber ocupacións). Describirá, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias
6. Anexo de coordinación con outros organismos
7. Anexo de reposición de servizos afectados, agás se son inherentes ao proxecto principal
8. Anexo da implantación da obra; incluirá medidas para garantir a fluidez e seguridade da circulación nos treitos de estradas afectados pola execución das obras, de ser o caso, con expresión dos desvíos de circulación propostos e dos períodos en que se poida perturbar a antedita circulación. Tamén recollerá a ordenación de accesos e reordenación dos existentes e a sinalización fixa e variable, balizamento, defensas e outras medidas para xestionar a circulación nos treitos de estradas obxecto do proxecto, de ser o caso, tanto durante a execución das obras coma durante a súa posterior explotación.
9. Anexo do plan de control de calidade, segundo medicións do proxecto e dando cumprimento á normativa que corresponda, PG3, EHE, REBT, etc., así como ao prego de prescricións técnicas.

10. Anexo de estudo de xestión de residuos de construción e demolición⁵
11. Anexo de estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde⁶
12. Anexo de plan de obra mediante diagrama de barras; por capítulos e meses; con custos parciais, acumulados e totais; e en tantos por cento de cada un.
13. Anexo de xustificación de prezos, que incluirá:
 - a. Cadro e custo da man de obra
 - b. Cadro e custo da maquinaria
 - c. Cadro e custo dos materiais
 - d. Xustificación de prezos (custos auxiliares, directos, indirectos, prezos unitarios de execución material e partidas alzadas de abono íntegro)
 - e. Listado de prezos auxiliares descompostos (non incluírán os custos directos)
 - f. Listado de prezos descompostos (poderán incluír os custos directos)
14. Orzamento para o coñecemento da Administración, desagregado ⁷.

4.1.2. Planos

Débense incluír todos os planos de situación xerais, de conxunto e de detalle necesarios para que o conxunto da obra quede completamente definido.

Debuxaranse en formato DIN A1, a escala convinte (por exemplo, 1:2.000 ou 1:1.000 para a planta xeral; 1:500 ou 1:200 para as actuacións concretas tales como pasos peonís sobreelevados, redutores físicos de velocidade etc.) e imprimíranse en formato DIN A3, a escala da metade do orixinal.

Conterá un índice de planos nos que se indiquen todos os incluídos no documento, así como o número de follas de cada un.

⁵ Segundo o previsto no Real decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición e a demais normativa sectorial de aplicación.

⁶ Segundo o recollido no Real decreto 1627/1997, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e no resto da normativa sectorial de aplicación. A determinación do tipo de estudo/ estudo básico xustificarase de acordo co previsto no artigo 4.

⁷ Comprenderá, de ser o caso, a suma dos gastos correspondentes do orzamento das obras e o importe previsible das expropiacións necesarias e de restablecemento de servizos, dereitos reais e servidumes afectadas e gastos do estudo e do proxecto, se procede, de acordo co artigo 127 do RXLCAAPP.

4.1.3. Prego de prescricións técnicas particulares

Nel débese realizar a descrición das obras e regularse a execución destas, coa especificación da forma de execución, as obrigas de carácter técnico, o sistema de medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

4.1.4. Orzamento

Comprenderá os gastos de execución da obra, que pode estar integrado por distintos orzamentos parciais, no cal consten os prezos unitarios e os desagregados e, se procede, o estado das medicións e os detalles para a súa valoración. Estará composto por medicións, polo cadro de prezos núm. 1, cadro de prezos núm.2, polo orzamento e resumo do orzamento, que especificará o orzamento de execución material, o orzamento base de licitación⁸, con e sen o IVE.

4.1.5. Outras consideracións

Nos casos e na forma en que así o permita a lexislación vixente en materia de contratos do sector público, poderase simplificar, refundir ou mesmo suprimir algún ou algúns dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar ou executar as obras que comprenda. Neses casos incluírase na memoria a xustificación das simplificacións ou supresións de documentos realizadas.

En todo caso, para estes efectos, estarase ao disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público; no Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2011; na Lei 8/2013 de estradas de Galicia e no Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016; ou nas normas que as substitúan e demais normativa de aplicación.

5. SINATURAS

No proxecto de construción deberase incluír un pé de firma ao final de cada documento, composto polas sinaturas, nomes e cargos da autora ou autor e mais da directora ou director do proxecto, ao mesmo nivel, xunto co mes e ano de redacción.

No caso de proceder, tamén se incluírá, do mesmo xeito, o visto e prace do Concello. En todo caso, a consultora ou consultor, solicitará, antes da redacción, os nomes das ou dos asinantes do Concello. Os anexos do estudo de seguridade e saúde (ESS) e do estudo de xestión de residuos (EXR) soamente se asinarán pola autora ou autor do proxecto, co seu nome, cargo, mes e ano de redacción.

⁸ Artigo 131 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, tamén chamado pola anterior normativa de contratos "orzamento de execución por contrata", ou "PEC" en castelán.

Os documentos que levan sinatura, seguindo os anteriores criterios, son os seguintes:

1. A memoria
2. Os planos
3. O prego de prescricións técnicas particulares (PPTP)
4. O cadro de prezos núm. 1 e núm. 2
5. O resumo do orzamento
6. Tamén se firmarán os anexos cando sexan redactados por consultoría ou asistencia externa da principal

Respecto dos planos do proxecto e mais dos anexos, deberán asinarse todos, e incluírse na caixa a antedita información.

Permítese a firma dixitalizada de todos os planos.

6. ENTREGA DO PROXECTO

Entregaranse dúas copias en formato dixital, unha para o Concello e outra para a Deputación. Cada copia conterá o proxecto aberto (editable) xunto cunha versión en PDF deste, necesaria para que o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais o poida gardar e editar.

Calquera arquivo, no formato que sexa, deberase poder manipular e, polo tanto, non estará protexido.



En canto aos arquivos de extensión PDF, sempre que sexa posible, serán procedentes de impresión en PDF. Cando isto non sexa posible, poderán proceder da dixitalización ou escaneo.

Na entrega de todos os documentos en soporte informático poderanse utilizar os programas informáticos comerciais que se propoñan; en todo caso, a Deputación poderá requirir que estes se garden en formatos de intercambio, de xeito que sexan accesibles para o seu posterior procesamento.


7. ANEXOS

Os seguintes arquivos poranse a disposición das e dos redactores dos proxectos nunha carpeta comprimida.

- 7.1.1. Portada do proxecto (en formato .dwg)

IMAXE REPRESENTATIVA DO PROXECTO (exemplo; planta xeral do proxecto sobre ortofoto; no seu caso)	 	
	ESCUDO DO CONCELLO	TIPO DE ESTUDIO
	(Imaxe do escudo do Concello)	PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN
		CONCELLO
		XXXXXX XXXXX
	PROVINCIA	XXXXXX XXXXX
	TÍTULO	
	XXXXXX XXXXX XXXXXX XXXXXXXXX (PONTEVEDRA)	
	DOCUMENTOS	
	TOMO ÚNICO <i>(no seu caso ou n° de tomo)</i> MEMORIA, PLANOS, PREGO DE P. T. P. E ORZAMENTO	
ENXEÑEIRO AUTOR DO PROXECTO		
JUAN ESCUADRA CARTABÓN		
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (con IVE)	
000.000,00 €	000.000,00 €	
DATA	CONSULTOR / EQUIPO REDACTOR	
XANEIRO 2018	(Logotipo / Nome do consultor)	
EXEMPLAR		
01		

7.1.2.- Formatos de lámina coa caixa. DIN A1 e DIN A3 (en formato .dwg)



7.1.3. Arquivos de imaxes e logotipos corporativos



LOGO_DIPUTACION.jpg



LOGO_ÁGORA.png